

Os nomes galegos dos hórreos e dos seus elementos

BEGOÑA BAS LOPEZ

Museo Arqueolóxico e Histórico. A Coruña.

LIMIAR

Hórreo é a verba mais coñecida pra designa-la construción que ten por finalidade gardar e seca-lo millo; pro en Galicia son moitos e moi variados os nomes que se poden constatar.

Neste traballo tentamos dalos a coñecer, así como os nomes empregados prós distintos elementos que os compoñen. Asimesmo, tratamos da localización e distribución de todos eles.

Consideramos que este traballo pode completarse, xa que ó estaren espallados os hórreos por cáseque toda Galicia, son moitas as localidades nas que se poden estudar. Facer unha rede de exploración mais densa daría un retrato moito mais detallado, que agora non facemos senón delinear.

METODO

A recolleita de datos prá elaboración deste traballo fíxose do seguinte xeito:

—Traballo de campo: realizouse por toda Galicia, tentando abranguer o mais posible das zonas onde existen hórreos. Os datos foron tomados durante os anos 1977-78 e parte do 79. Fixéronse esquisas tratando de que os informantes estiveran en relación co traballo do campo e que fosen de idade avanzada.

—Bibliografía: empregáronse estudos xerais de arquitectura popular, estudos de hórreos, xerais e concretos pra Galicia, monografías sobor de distintas zonas e teses de licenciatura e doutoramento do Departamento de Filoloxía Románica da Universidade de Santiago de Compostela.

No traballo expoñemo-los nomes recollidos dos dous xeitos sen facer-los distinción. Cómpre sinalar que os nomes que non vaian acompañados da localidade ou zona foron recollidos da bibliografía e o autor non o indica.

O HORREO

Pra darmos a coñece-los distintos nomes que reciben os hórreos, cómpre facer unha clasificación, de tipo moi xeral, xa que as variacións entre eles

son grandes. Faremos cinco grupos de modelos de hórreos sen entrarmos nas subdivisións de cada un.

- A. Modelo característico de Galicia, de planta rectangular cun lado claramente alongado.
- B. De planta rectangular ou circular, co corpo feito de polas entretecidas e cubrición de palla.
- C. De planta cadrada: asturiano.
- D. De planta case cadrada e grandes dimensións.
- E. De planta rectangular¹.

Segundo esta división, no cadro 1 están representados tódolos nomes que achamos quer na bibliografía quer in situ. Nél pódese observar que, en liñas xerais, son os mesmos nomes ou semellantes os que se empregan prós cinco grupos, agás nalgúns casos coma *bergueiro*, *calabozo*, *canizo*, *caro-ceiro*.

Algúns fan alusión á finalidade do hórreo: *graneira*, *sequeiro*. Outros, no caso do grupo B, lembran o material co que están feitos: *bergueiro*, *canasto*, *canastro*.

O grupo A é o que representa maior parte dos hórreos de Galicia. Os nomes que recibe son moitos e variados pro nunha mesma localidade na que estean representados varios modelos dentro deste mesmo grupo, non hai variación nos nomes; somentes coñecemos algún caso no que isto non se cumpre, coma en Santa Comba (A Coruña) onde os hórreos feitos de cemento e ladrillo reciben o nome de *cabanas* mentres que *cabás* é o empregado pra nomealos mais característicos da localidade. Os hórreos dos distintos grupos reciben nomes diferentes cando están representados nunha mesma localidade.

Na toma de datos observouse que a verba *hórreo* é a mais coñecida —como indicabamos ó principio— xa que en tódolos lugares se tiña coñecemento dela. Nalgunha zona emprégase como único nome, pro na maior parte de Galicia, onde foron constatados outros, considérase como cousa allea; unhas frases recollidas en distintos puntos poden ilustralo: “así, entre nós é *canizo* pero a xente conóceo por *hórreo*” (Nande, Baiona - Pontevedra); “Nós decimos *cabaceiro* pero *hórreo* é o nome castellano” (Trasalba - Ourense), e outras moitas semellantes.

Os distintos autores consultados empregan pró hórreo característico de Galicia *canastro* e *hórreo* moi a miúdo, mentres que hai denominacións que samente aparecen nun autor; así: *cabano* non foi recollido mais ca por Castelao (1975) e o semellante *cabana* por Durán Sotelo (1961); García Martínez (1978) rexistra, entre outros, tres nomes que non achamos en autor ningún: *caro-ceiro*, *caustra* e *sequeiro*. Vecino Tomas (1970) proporciónano-la verba *cabás*.

¹ Polo tipo de planta e materiais podería estar no grupo A, pro difire en que non é un hórreo propiamente dito, xa que está concebido coma despensa e non coma graneiro, o mesmo cós asturianos.

CADRO 1

DENOMINACIONS	MODELOS				
	A	B	C	D	E
BERGUEIRO		X			
CABACEIRA	X	X			
CABACEIRO	X	X			
CABANA	X				
CABANO	X				
CABAS	X			X	
CABAZO	X	X			X
CABECEIRA	X	X			
CABECEIRO		X			
CABICEIRA	X	X			
CABOZO	X				
CALABOZO		X			
CANASTO		X			
CANASTRO	X	X			
CANIZO	X				
CAROCEIRO	X				
CAUSTRA	X				
CELEIRO	X				
ESPIGUEIRO	X				
GRANEIRA				X	
HORREO	X			X	
HORRIO	X				
(H)ORRO			X		
PALLEIRA	X				
PALLEIRO	X	X			
PANEIRA	X				
PIORNO	X	X			
SEQUEIRO	X				

Pró grupo B emprégase —polos distintos autores— a verba *cabaceiro* e mais *cabazo*. Pró resto dos grupos fálase en xeral de *hórreos*.

Distribución

No mapa 1 pódese observar que as denominacións pró hórreo característico están localizadas por zonas, dun xeito mais ou menos concreto.

A verba *hórreo* ocupa unha grande zona espallándose polo centro de Galicia e parte da costa Norde. *Cabazo* emprégase en dúas zonas lonxanas entre elas (vid. mapa 2), a Nord-occidental (grupo A) e a Nord-oriental (grupo E).

Canastro emprégase en cáseque toda a zona Sul-occidental. *Cabaceiro* aparece nunha pequena zona ourensá, por Cea, Piñor ..., e *cabaceira*, *cabi-ceira* e *cabeceira* pola zona de Fisterra.

A denominación *canizo* somente se recolleu en varias localidades do Val Miñor (Pontevedra) e na localidade de Goián (Tonuíño - Pontevedra) preto das anteriores.

Na zóna Nord-oriental foi constatada a verba *cabozo*.

No tocantes ó grupo B, non temos información como pra chegarmos a determinadas conclusións pro, de tódolos xeitos, presentamo-la súa difusión (mapa 2).

O tipo asturiano, grupo C, recibe o nome de (*h*)*orro*, sendo esta a única verba que se constatou; ocupa unha grande zona, dende a Ponte Nova, pola Terra de Fonsagrada, Baleira, Val do Suarna, Burón, até San Román de Cervantes, Donís, Vilarello, Piornedo, nos Ancares.

Os hórreos do grupo D, que non abundan moito pro están espallados por bastantes zonas de Galicia con maior concentración na zona de Carballo (A Coruña), Arca (O Pino - A Coruña) e Carracedo (Caldas de Reis - Pontevedra), reciben os nomes de *graneira*, *hórreo* e *cabás*.

Cabazo, como quedou indicado mais arriba, é a verba que designa os hórreos do tipo E, localizados no Nordeste de Lugo.

OS ELEMENTOS

Trataremos eiquí dos nomes das partes que compoñen un hórreo, seguindo a mesma división. Adicarémonos mais ós hórreos do grupo A por seren os mais representativos de Galicia.

Grupo A

Os nomes dos soportes e dos tornarratos —pezas que van riba das primeiras e que sobresaen do perfil do hórreo— son, de tódolos elementos, os mais coñecidos, segundo as enquisas feitas.

Comezando polos soportes, aqueles que están formados por columnas, reciben o nome de *pés*, agás en Paramos (Val do Dubra - A Coruña) e San-

taia (A Coruña) onde se emprega *potro*. Os formados por muros estreitos e transversais denomínanse *pés* nalgunhas zonas, coma por exemplo Celanova (Ourense), Paradela (A Estrada - Pontevedra), Ferreira do Val de Ouro (Lugo), Novefontes (Touro - A Coruña), Melide (A Coruña), aínda que *cepa* é o mais empregado; tamén recibe os nomes de *celeiro* en Capela (A Coruña), *porpiaño* en Melide e *potro* no Val do Vea (Pontevedra) onde as partes superior e inferior deste soporte se denominan *almohadilla* e *soleira* respectivamente.

Celeiro é o nome que recibe o soporte que forma un espacio pecho; unha variante deste é *suleiro* (Carnota - A Coruña); outros son: *cepa maciza* (San Andrés de Teixido, Cedeira - A Coruña), *baixo* (Mintirás, Muxía - A Coruña), *cepa* (Abadín - Lugo).

Prós tornarratos achamo-los nomes seguintes: se é individual —un pra cada pé—, *mo*, *moa*, polo Sul de Galicia, mentres que pola Terra de Soneira, Bergantiños e arredores emprégase *capa*. Os transversais —que van riba da cepa— e os corridos —arredor do corpo— toman nomes que levan implícita a súa finalidade: *rateira* (Ferreiro do Val de Ouro), *tornarratos* (nas zonas de Arca, O Pino; Melide; Sobrado - A Coruña); outras veces indican o material co que están feitos: *lousa*, ou ben toman outros coma *lastre* (Guitiriz - Lugo), *asiento*, *mesa*, *mesa do pé*, *voladizo*, *piar* (este último en Sobrado) *rodos* (Crecente, Pastoriza - Lugo). En moitos casos leva o mesmo nome có empregado pró soporte.

Algúns dos autores consultados dan a coñecer estes nomes pro tamén outros que non constatamos no terreno e nos que non se indica a localidade ou ben se fai dun xeito moi xeral².

Pés: *pegollos*, *postes*, *esteos*, *pontones*, *pié dereito*, *pedreiro*, *cepa*.

Cepas: *pegullos*, *pes dreitos* e, na provincia de Lugo, *zancas*.

Tornarratos: *travillón*, *rateiro*, *postes*, *tornarratas*, *capela*, *lousada*, *posta*, *muela*.

Pra expoñer-mo-las denominacións dos elementos do corpo, damos coa dificultade que supón a grande variedade nos modelos; é por iso que na figura 1 representamos un esquema dun corpo de hórreo que ten os elementos dos distintos modelos, sin que este esquema represente un modelo determinado pro sí varios dentro do grupo A.

1a *cruz* (espallado por Galicia)

crus (“ “ “)

remate (“ “ “)

1b *aguión* (Santa Comba - A Coruña)

bico (Bornalle, Abelleira, Muros - A Coruña)

fraille (Bornalle)

lampeón (Santa Eulalia de Dumbría - A Coruña)

² Coidamos que algúns destes nomes se refiren a hórreos de tipo asturiano pro expoñémolos: aquí xa que o autor non o indica.

- lampión* (Toba, Cée; Bamiro, Vimianzo - A Coruña)
pendón (Val do Veá)
remate (espallado por Galicia)
santo (Santaia)
- 2 *come*
cume (Monterroso - Lugo; Toba; Santa Eulalia de Dumbría; Melide; Sobrado; Santaia; Novefontes)
cumio (Santa Marta de Moreiras, Pereiro de Aguiar - Ourense; Velle - Ourense; Laxe - A Coruña; Ría de Vigo; Val do Veá; Goián, Tomiño - Pontevedra)
- 3 *arcabau* (Novefontes)
albardilla (Gonce, Friol - Lugo; Melide)
capia (A Cañiza - Pontevedra)
cornisa (Cobres, Vilaboa - Pontevedra)
cume (Mintirás)
penal (Santa Marta de Moreiras; Ría de Vigo)
pinche (San Andrés de Teixido; Santa Comba)
pinchón (Torelo, Vimianzo - A Coruña)
soborpena (Bamiro)
sopena (Carballeda, Piñor - Ourense)
sobrepena (Borneiro, Cabana; Santaia; Toba - A Coruña; Val do Veá)
testeiro (Bornalle)
topete (Santa Eulalia de Dumbría; Bornalle)
- 4 *cantacuco* (Ría de Vigo)
cargadeiro [karhadéiro] (Santaia)
penal (Val do Veá)
pimpinela
pinche (Santa Marta de Moreiras)
pinche do penal
pinchón (Bamiro; Borneiro; Santa Eulalia de Dumbría; Toba)
- 5 *topete* (Bamiro; Santa Comba)
dintel (Val do Veá)
- 6 *barreta* (Provincia de Lugo)
biga (O Ferrol - A Coruña)
coluna (San Andrés de Teixido; Capela; Melide; Arca)
contracoluna (Melide)³
dintel (Vincios - Pontevedra)
esquial (Bamiro)
esquina (Ría de Vigo)
esquinal (Santa Marta de Moreiras)
mourón (Val do Veá)
xamba (Gonce)

³ En Melide: *coluna*: esquina da cara que leva a porta, e *contracoluna*: esquina da cara oposta.

- pe dreito* (Santaia)
puntós (O Ferrol)⁴
- 7 *clavadeira* (Arca)
crabadeira (Santaia)
dintel (vincios)
grade
grado
lumieira (Santa Marta de Moreiras)
mesa (Melide; Novefontes; Capela; Velle; provincia de Lugo)
mesa do hórreo (Celanova; Laxe; Novefontes)
pontes (Bornalle; Santa Eulalia de Dumbría)
testeiro (Ría de Vigo)
trabe (Torelo; Laxe; Bamiro)⁵
trabeiro (Santaia)
trave (Borneiro)
traveso
viga
xugo (Melide)
xugo [šúño] (Toba)
zanca (Montederramo - Ourense)
- 8 *bocatella* (Novefontes)
clavadeira (Arca)
cornisa (Val do Veá)
contraviga (Ría de Vigo)
dintel (Vincios)
padia (Melide)
soborpena (Bornalle)
soleira
solera
sopena (Santa Marta de Moreiras)
topete (Moraima, Muxía - A Coruña; Bornalle; Toba)
- 9 *asento* (Bamiro)⁶
balagusto (Val do Veá)
balaustre (Cobres; San Andrés de Teixido; Mondoñedo; Velle; Crecen-
 te)
barrotes (O Ferrol)
custillas (Goián)
cangos (Novefontes)
doela (Santa Eulalia de Dumbría; Bornalle; Toba)

⁴ En Laxe emprégase *terminados* pra nomea-las pezas cadradas que se poñen ó re-mata-los *sequeiros* (vid. 9), e *tranqueiros* prós pontóns verticais (Morandeira Lourés, 1969).

⁵ En Bamiro: a laxe que vai por riba da *trabe* recibe o nome de *soios* (Lema Suárez, 1977).

⁶ Lema Suárez (1977) precisa: “*esquiales*: na “rama” do pinchón, a metade de 1,45 m.”.

- dovela* (Ría de Vigo)
duela (Santa Xusta, Moraña - Pontevedra)
ladeiro (Melide; provincia de Lugo)
pontón (Abegondo - A Coruña; Santaia; Capela)
puntón (Melide; Guntín; Sobrado; Arca)
ripia (Trasalba; Santa Marta de Moreiras)
ripio (Celanova)
sequeira (Torelo)
sequeiro (Borneiro; Laxe)
- 10 *pasavento* (Bamiro)
vento (Toba; Bornalle)
rendixa (Castiñeiras, Ribeira - A Coruña)
tragaluz [trañalúθ] (Capela)⁷
- 11 *barreta* (Melide)
cinta (Paradela; Santaia)
clavadeira (Arca)
duela (Abegondo)
faixa (Novefontes; Capela)
fixa
marqueado (Velle)
patou (Ría de Vigo)
travesa (Bande; Celanova)
traveseiro (San Andrés de Teixido)
- 12 *balagusto* (Val Miñor; A Cañiza)
combota
coluna
doela (Paradela)
marco (Ría de Vigo)
pe dereito (Val do Veá)
xugus [šúñus] (Santaia)⁸
- 13 *lumieira* (Antas - Pontevedra)
- 14 *cargadeiro* (Arca)
cargadeiro [karñadéiro] (Santaia)
lintel (Gonce)
soleira (Santa Marta de Moreiras)
topete (Borneiro)
- 15 *pe dreito* (Santaia; Tordoia)
portal (Borneiro)
xambas (Arca)

⁷ Somentes prás caras estreitas.

⁸ Textualmente: "pontones situados en los tramos" (Varela González, 1975). Coidamos que se pode referir a esta peza, pro non o aseguramos por ser unha definición imprecisa.

- 16 *claro* (Novefontes; Santa Xusta; Val do Veá; Castiñeiras)
estremas (Gonce; Sobrado)
tramo (Trasalba; Santaia)
tullo

Quedan aínda algúns elementos do hórreo que tamén reciben diversos nomes segundo as zonas. Escomenzamos pola estrutura do teito, que tamén varía algo nos distintos modelos dentro do grupo A, pro representarémolo esquema que máis se repite (fig. 2):

- 1 *come* (Toba)
cruce (Capela)
cumio (Bamiro)
- 2 *cancos* (Bamiro)
cangos (Val do Veá)
pontós (Santa Marta de Moreiras)
tijera
tixeiras (Capela)
tixoiras (Goián)
trabe (Toba)
- 3 *latas* (Santa Marta de Moreiras)
ripas (Bamiro)
ripias (Goián)
- 4 ⁹ *tixeiras* (Bamiro)

A cubrición recibe, en xeral, o nome de *tellado* cando é de tella e *lousado* cando é de lousa; neste último caso, a parte superior onde enganchan as lousas chámase *engalado* (Guitiriz) e *engalletado* (Crecente).

O beiril recibe o nome de *beirado* en Goián e *ala* en Capela e Guitiriz; nesta mesma localidade emprégase *voladizo* pra nomea-la parte do tellado que sobresaie por riba da porta.

Outros nomes en relación co tellado son: *cachorrillos*: pequenas pezas que sosteñen, pola parte de fóra, o tellado dos hórreos de Capela. Varela González (1975) define os *tentemozos* coma paus que sosteñen o teito (Santaia) e Dobarro Paz (1974) afirma que o *agieiro* [añieiro] son as táboas que están debaixo do lousado (Capela).

O piso recibe os nomes de *balastre*, *carreira*, *lastre* (Melide; provincia de Lugo), *lastro* (Monterroso), *chan* (Goián) e *piso* (espallado por Galicia). As laxes que forman o piso denomínanse *tremiñados* en Santa Eulalia de Dumbria.

Penales é a denominación das paredes estreitas do corpo que se emprega en Castiñeiras e Santaia, mentres que prás anchas están os nomes de *ladeiro* e *costales* (o primeiro en Melide). En Monterroso as paredes estreitas reciben o nome de *dianteira* e *traseira* segundo sexan a parte anterior ou posterior do hórreo.

⁹ Algúns autores non especifican se están referidos ó 2 ou ó 4.

Por último, existen unhas pezas que non sempre aparecen, como son as *tercias* de Fisterra –separacións interiores do hórreo pra mellor coloca-lo millo– que en Bornalle reciben o nome de *tarimas*.

Grupo B

Pró hórreo de polas entretecidas achamo-las seguintes denominacións: en xeral en Galicia emprégase *pés* prós soportes e *tornarratos* en Santa Marta de Moreiras prás pezas que van por riba deles; na mesma localidade *mesa* é a parte onde pousa o corpo e *padias* os travesaños que arrodean o piso (Guntín). A cubrición recibe o nome de *colmo* (Santa Marta de Moreiras) e o seu cume *carapucho* (Monterroso).

O material do corpo noméase *pólas* (en xeral por toda Galicia), *varas* (Guntín) e *corres* (Baamonde, Begonte - Lugo).

Grupo C

O modelo asturiano, localizado no Leste de Galicia, presenta nas denominacións das súas partes bastantes diferencias co modelo característico galego. Na figura 3, represéntase este modelo especificándose os seus elementos e a súa nomenclatura é a seguinte:

- 1 *veu* (Val do Suarna; Val do Burón - Lugo)
- 2 *colmado* (Pedrafita - Lugo)
cuberturme (Val do Suarna)
cubrición (San Xián de Pereiramá, Castroverde - Lugo)
lousado (Val do Burón)
teitume (Val do Suarna)
- 3 *ripia* (Val do Suarna)
- 4 *netos* (Val do Suarna)
- 5 *gatos* (Val do Suarna)
- 6 *aiguelote* (Val do Suarna)
- 7 *embaixo do hórreo* (Pedrafita)
- 8 *touca* (Val do Suarna)
- 9 *sobrevigo* (Val do Suarna)
- 10 *zarrume* (Val do Suarna; Val do Burón)
- 11 *pontóis* (Val do Suarna)
- 12 *cuadra* (Val do Suarna)
viga (Pedrafita)
- 13 *rateira* (Pedrafita; Val do Suarna)
testo (San Xian de Pereiramá)
- 14 *pé* (Val do Suarna; Val do Burón; Pedrafita; San Román de Cervantes - Lugo)
pedreiro (San Xian de Pereiramá)

15 *ponticela* (Pedrafita)
taolla (Val do Suarna)

Outros nomes son:

- corchel*: conxunto de veos que sosteñen a palla da cubrición (Pedrafita)
encuastras: piso do hórreo (San Xian de Pereiramá)
barra: parte do hórreo onde se deixa a herba pró gando (Pedrafita)
tuña: departamento interior pró grán (Pedrafita)
perillo: gancho pra colga-la carne (San Xian de Pereiramá)

Grupo D

Compóñeno aqueles hórreos de grandes dimensións que aparecen polas zonas de Carballo, Arca, Carracedo (Caldas de Reis - Pontevedra), A Baña (A Coruña); no resto de Galicia aparecen nalgunhas localidades pro non coma modelos característicos da zona senon aillados.

Estes hórreos erguen, a miúdo, sobor dun celeiro que en Razo (Carballo) recibe o nome de *cabás d' abaixo* ou *casadeira*; en Arca existe moita variedade de soportes, dende celeiros e pés —que non teñen nomes específicos— até *cepas*.

O *tornarratos* recibe sempre este mesmo nome, sexa corrido ou circular.

Os *penales* —paredes laterais (Razo)— poden ir feitas de madeiras —*puntóns* en Arca— ou ben de pedra ou ladrillos que deixan aberturas de ventilación horizontais —*pasaventos* en Razo—. O piso pode ser de madeira ou ben de pedra, caso no que recibe o nome de *arrastro* (Razo).

En Arca, as esquinas do corpo reciben o nome de *colunas* e as vigas da armazón, onde se clavan as madeiras da parede, denomínanse *clavadeiras*, así coma as táboas horizontais que reforzan a parede. Estes hórreos de Arca —onde tamén existe o modelo A con nomes semellantes— teñen unha forma distinta, xa que diante da porta levan un *patín*, a xeito de corredor, situado na cara mais estreita. O tellado leva un faldón na parte posterior, e, na anterior, prolóngase cubrindo o patín (fig. 4); os seus nomes son:

- 1 *teixeiras*
- 2 *cumio*
- 3 *cangos*
- 4 *cornisa*
- 5 *anguilós*

A porta do celeiro ten o *cargadeiro* e as *xambas*, pezas de cantería que van por riba e nos lados dela respectivamente. O interior do corpo está organizado de tal xeito que o millo se coloca ó redor das *estremas* —especie de balaustrada que se coloca a unha certa distancia das paredes, agás na da porta, e que deixa un espacio valeiro no meio do corpo—; polo tanto o millo vai entre as paredes e as estremas. Así pois, o millo vai a oito mentres que en Razo colócanos nunhas *uchas*.

Grupo E

Na zona Nord-oriental de Lugo aparecen uns hórreos, os *cabazos*, que como xa dixemos non son específicos pró grán. De planta rectangular, levan ó longo dun dos lados anchos un *corredor*, somente interrompido nun extremo pola *despensa*; neste mesmo lado leva a *porta* e outro compartimento chamado *panera*; as paredes dos lados anchos son de madeiras —*doelas*— cuns reforzos do mesmo material, verticais e horizontais, que reciben o nome de *zarranchas*; na parte superior leva unha *viga* horizontal e baixo o tellado unhas pequenas pezas que sobresaen: os *sobrevisgos*; ámbalas dúas forman o *faio*.

Por soportes levan *cepas*, nome que reciben tamén as paredes estreitas, como se só fose unha peza. Os tornarratos denomínanse *rateiras* e o tellado é o *lousado* xa que está feito con lousa.

Teñen unha escada —*escaleira*— pra subir a eles e o *pasadizo* é a peza que o comunica co sobrado da casa.

Todos estes datos foron recollidos na zona da Ponte Nova (Lugo).

CONCLUSIONS

Segundo a toma de datos no terreno e na bibliografía, chegamos ás seguintes conclusións:

1. O hórreo característico de Galicia, grupo A, é o que ten maior número de denominacións distintas. (Constatáronse 22 pró A, 12 pró B, 1 pró C, 3 pró D, e 1 pró grupo E). Isto é lóxico xa que o grupo A espállase por toda Galicia con grande variedade nos seus modelos e aparece en moita maior proporción cós outros grupos.

2. As distintas denominacións poden ocupar grandes zonas (*hórreo*) ou pequenas comarcas naturais (*canizo*).

3. As diferencias nas denominacións dos hórreos non están vencelladas ás diferencias na súa construción, ós distintos grupos: *cabazo* na costa Nord-occidental, grupo A, e *cabazo* no Leste de Lugo, grupo E; *hórreo* pró grupo A e pró grupo D; *cabaceiro* pró grupo A, e pró B, etc. Así, tamén nun mesmo grupo, pro con modelos diferentes, a denominación pode se-la mesma; por exemplo: *hórreo* pró mariñán e pró da zona de Ceadeira, ámbolos dous no grupo A. Aínda que nalgúns casos cadra a diferenza de nome coa diferenza de modelo, coidamos que o que marca estas diferencias son as distintas zonas, comarcas naturais ou bisbarras.

4. As denominacións dos elementos que compoñen un hórreo teñen, en xeral, nomes específicos pro nalgún caso non ocorre isto: *coluna*, *clavadeira*, *viga* ...

5. As veces un mesmo nome designa dúas pezas distintas: *penal*, *pinche*, *coluna*, *puntón*, *doela* ...

6. Unha denominación pode indica-la función da peza á que dá nome: *tornarratos*, *pasaventos*, u ben o material co que está feita: *lousada*, *lousa*, *porpiaño* ...

7. A miúdo os nomes dos elementos do hórreo toman os dos elementos da casa: *tixeira, cumio, corredor ...*


8. A maior variación dos nomes entre os distintos grupos achámola nos hórreos de tipo asturiano, nos que aparecen nomes non constatados nos outros grupos pra pezas semellantes: *touca, cuadra, zarrume ...*

BIBLIOGRAFIA

- Acosta García, M.T., 1970. *El habla de Piedrafita*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Alumnos Escuela Nacional de Couso, 1974. *Hórreos del Valle del Vea*. Museo de Pontevedra, sep. T. XXVIII, pp. 29-61. Pontevedra.
- Baamonde Traveso, G., 1977. *A fala das parroquias de Arante e Cedofeita*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía Románica. Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Bas López, B., 1978. *Itinerarios de hórreos en Galicia. Contribución ó estudo do hábitat rural galego*. Tese de Licenciatura. Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago. (Inédita).
- , “Un exemplo de agrupación de hórreos: Bornalle –Abelleira, Muros, A Coruña—”. *Brigantium. Boletín do Museo Arqueolóxico e Histórico*. A Coruña. (No prelo).
- Blanco Fernández, C.E., 1973. *Notas sobre el léxico de Crecente (Pastoriza)*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía Románica. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Carlé, W., 1948. “Los hórreos del Noroeste de la Península Ibérica”. *Estudios Geográficos*. T. IX, nº 31, pp. 275-293.
- Castelao, A.R., 1975. *As cruces de pedra na Galiza*. Ed. Akal. p. 282. Madrid.
- Cortiña Vázquez, S., 1974. *Anotaciones sobre el léxico de Gonze (Friol)*. Tese de Licenciatura. Sección de Filoloxía Francesa. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Dobarro Paz, J.M., 1974. *Vocabulario de Capela (Cabalar)*. Tese de Licenciatura. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade de Santiago de Compostela. (Inédita).
- Durán Sotelo, A., 1961. *Algunos aspectos de la vida de Santa Justa*. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade de Santiago. (Inédito).
- Feáns Landeira, M., 1976. *El habla de Castiñeiras*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía Románica. Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Feduchi, L., 1975. *Itinerarios de Arquitectura Popular Española. La Orla Cantábrica. La España del Hórreo*. Ed. Blume. T. II p. 409. Barcelona.
- Ferrín Martínez, R., 1963. *La vivienda en las zonas rurales del litoral de*


- la Ría de Vigo*. Tese de Doutoramento. Departamento de Xeografía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Flores López, C., 1973. *Arquitectura Popular Española*. Ed. Aguilar T. II, p. 545. Madrid.
- Fraga García, R., 1968. *Vocabulario de Mellid y cercanías*. Tese de Licenciatura. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade de Santiago de Compostela. (Inédita).
- Fraguas Fraguas, A., 1953. *Geografía de Galicia*. Ed. Moret. p. 491. A Coruña.
- Fraiz Barreiro, M.A., 1974. *El léxico de Codeseda*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía Románica. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Frankowski, E., 1918. *Hórreos y palafitos de la Península Ibérica*. Com. Inv. Pal. y Preh., nº 18. p. 154. Madrid.
- García Martínez, M.C., 1978. "Os hórreos". *Boletín da Comisión de Cultura*. Colexio de Arquitectos de Galicia. nº 8, pp. 21-59. Santiago.
- García Rojo, M.D., 1971. *O léxico de Monterroso*. Tese de Licenciatura. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Gimsom, G., 1974. "Los graneros del Norte de España". *Museo de Pontevedra*. sep. T. XXVIII, pp. 3-15. Pontevedra.
- González Fernández, M.I., 1972. *Vocabulario de "El valle de Burón"*. Tese de Licenciatura. Facultade de Filosofía e Letras. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Hoyos Sancho, N. de, 1952. *La casa tradicional en España*. Col. Temas Españoles, nº 20. p. 31. Madrid.
- Iglesias, A., 1975. *El libro de los hórreos*. Ed. por Bankunión, p. 125. Gijón.
- Leis Casanova, I., 1969. *El habla de Santa Eulalia de Dumbria*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Lema Suárez, X.M., 1977. *Bamiro, un estudo do hábitat rural galego*. C.O. A.G., p. 91. Santiago.
- López Cuevillas, F., et al., 1936. *Parroquia de Velle*. S.E.G. p. 330. Santiago.
- López Facal, S., 1968. *Fala e cousas de Toba*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- López Fernández, J., 1969. *Vocabulario de Novfontes. Contribución a un estudo lingüístico*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- López Taboada, M.C., 1978. *El habla de la comarca de Sobrado de los Monjes*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía Románica. Universidade de Santiago de Compostela. (Inédita).
- Lorenzo Fernández, X., 1942. "Notas etnográficas da parroquia de Borneiro". *Bol. de la Comisión de Monumentos de Ourense*. T. XIII. p. 21. Ourense.
- , 1962. *Etnografía. Cultura Material*, en *Historia de Galiza*. T. II. Ed. Nós. p. 741. Buenos Aires.

- Martínez Martínez, M.R., 1970. *El habla de Curtis y sus cercanías*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. (Inédita).
- Morandeira Lourés, M.J., 1969. *El habla de Lage*. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Otero Pedrayo, R., 1926. *Síntesis xeográfica de Galicia*. S.E.G. p. 81. A Coruña.
- Pena Seijas, X., 1970. *Vida e fala de Guitiriz (Negradas)*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Pérez Alonso, M.J., 1969. *Vocabulario de Goyán*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Porto Dapena, J.A., 1971. *El Gallego de la comarca de Ferrol*. Tese de Doutoramento. Facultade de Filosofía e Letras. Sección de Románicas. Universidade Complutense. Madrid.
- Prado Fernández, M., 1971. *Vocabulario de Ferreira del Valle del Oro*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidad de Santiago. (Inédita).
- Ramón e Fernández Oxea, X., 1968. *Santa Marta de Moreiras. Monografía dunha parroquia ourensán. (1925-1935)*. Ed. Castrelos. p. 453. Vigo.
- Rodríguez Gandoy, E., 1971. *El léxico del ayuntamiento de Guntín (Lugo)*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Sánchez Sánchez, A., 1971. *El léxico de Montederramo*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Santamarina Fernández, A., 1974. *El habla del Valle de Suarna*. Tese de Doutoramento. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Torres Balbás, L., 1933. "La vivienda popular en España". En *Folklore y costumbres de España*. Ed. Alberto Martín. T. III. pp. 139-502. Barcelona.
- Trapero Pardo, J., 1967. *Los hórreos*. Lucus. pp. 23-28. Lugo.
- Varios, 1933. *Terra de Melide*. S.E.G. p. 737. Santiago.
- Varela González, F., 1975. *Fala de Santaia*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía Románica. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Vázquez Fernández, M.J., (sen data). *El léxico de San Julián de Pereiramá*. Tese de Licenciatura. Universidade de Santiago. (Inédita).
- Vecino Tomás, F., 1970. *El vocabulario de Razo*. Tese de Licenciatura. Departamento de Filoloxía. Universidade de Santiago. (Inédita).



Mapa 1.- Grupo A

- | | |
|--------------------------|-------------|
| △ cabaceira | □ canizo |
| △ cabaceiro | □ caustra |
| △ cabana | * caroceiro |
| ▲ caba's | ● hórreo |
| ▲ cabazo | ● horrio |
| △ cabeceira ou cabiceira | ⊛ palleira |
| ▲ cabozo | ★ piorno |
| ■ canasto | * sequeiro |
| ■ canastro | |



Mapa 2.-

- | | | |
|--|---|--|
| <p><u>Grupo B</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ■ cabaceira □ cabaceiro ■ cabazo □ cabeceiro ▣ cabeceira ▣ cabiceira ▲ canasto △ canastro | <p><u>Grupo C</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ● (h)orro <p><u>Grupo D</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ✱ graneira ✱ hórreo ✱ cabás | <p><u>Grupo E</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ★ cabazo |
|--|---|--|




Figura 1.- Esquema do hórreo grupo A.




Figura 2.- Estrutura do teito dos hórreos grupo A.




Figura 3.- Hórreo de tipo asturiano (según Santamarina Fernández, 1974).




Figura 4.- Estructura do teito dunha variedade dos hórreos grupo **D**.